

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova do Penedo da Banda do Río

Tamén chamada Cova da Lontra, Cova da Londra e Cova da Alondra, situada arredor do Penedo da Banda do Río, en Bueu (Pontevedra).

Uns din que o nome ten a orixe nunha nena que se convertiu en □londra□, unha especie de serea que cada vez que saía cantar polas noites morría alguén ao día seguinte.

Outros din que era un monstro chamado □lontra□ que vivía nesa cova, que comía peixes e mariscos e que a cova ten dous pasadizos, e que un deles vai parar á praia chamada Can do Penedo.

Outros din que a □alondra□ é un ave mariña moi grande que saía de noite comer peixes. Cando saía ao día seguinte morría alguén. Tamén se di que agardaba o paso dalgún barco e cando o barco se aproximaba daba grandes berros e despregaba as enormes ás arredor do barco para logo devorar co sue peteiro a toda a tripulación.

Aínda que moitos intentaron matala, ninguén o conseguiu. Agora dise que desapareceu, que xa non se ve.

[Segundo as versión recollidas en 1993 polos alumnos/as Miriam Hervello, Pablo Diéguez, Amelia Sampedro e Alejandro Pérez do Colexio Público de Bueu e publicadas na revista escolar □O Candil□, nº 15, decembro de 1997]

COMENTARIOS ENVIADOS

O BURACO DA LONDRA. Pequeno mamífero carnívoro, devorador de peixes, da familia dos mustelídeos, que vive em tocos à beira da água, com membrana interdigital desenvolvida que lhe permite nadar à perfeição. A sua pele é muito estimada (Lutra lutra).

